

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

**1. De conformidade co artigo 75 da Lei de Saúde de Galicia, os acordos de creación de hospitais públicos e a aprobación do Plan de Saúde de Galicia son competencia de:**

- A) A persoa titular da consellería con competencias en materia de sanidade.
- B) A persoa titular da Xerencia do Servizo Galego de Saúde.
- C) O Consello da Xunta de Galicia.
- D) As persoas titulares das consellerías con competencias en materia de sanidade e facenda, de forma conxunta.

**2. Consonte o artigo 40 do Decreto 206/2005, de 22 de xullo, os postos de xefatura de servizo ou unidade de atención primaria, que non requiran dedicación exclusiva ás funcións de xefatura, son provistos polo sistema de:**

- A) Concurso de méritos.
- B) Libre designación.
- C) Entrevista e proxecto técnico.
- D) Avaliación colexiada.

**3. O persoal estatutario fixo que acceda a un posto directivo nun servizo de saúde:**

- A) Ten dereito á reserva da praza de orixe.
- B) Non ten dereito á reserva da praza de orixe.
- C) Ten dereito ao cómputo de tempo a efectos de antigüidade.
- D) As opcións de resposta a) e c) son correctas.

**4. A Constitución Española, no seu artigo 43, recoñece:**

- A) O dereito a sindicarse libremente.
- B) O dereito á protección da saúde.
- C) O dereito á negociación colectiva.
- D) O dereito de participación nos asuntos públicos.

**5. Segundo a Constitución Española:**

- A) A Administración Civil pode impoñer sancións que impliquen privación de liberdade.
- B) A ensinanza básica é obrigatoria pero non gratuíta.
- C) Ninguén pode ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas.
- D) Os españois de orixe poden ser privados da súa nacionalidade.

**6. O órgano paritario e colexiado de participación, destinado á consulta regular e periódica das actuacións da empresa en materia de prevención de riscos, denomínase:**

- A) Comité de Saúde Laboral.
- B) Comité de Seguridade e Saúde.
- C) Comité de prevención de riscos laborais.
- D) Comité de Seguridade e Convivencia Laboral.

**7. Segundo o artigo 15 do Estatuto de Autonomía de Galicia, o Presidente da Xunta é nomeado por:**

- A) O Parlamento de Galicia.
- B) O Presidente do Goberno de España.
- C) O Rei.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**8. Indique cal dos seguintes dereitos con respecto ás distintas administracións públicas sanitarias contéplase no artigo 10 da Lei Xeral de Sanidade:**

- A) Dereito á información sobre os servizos sanitarios aos que se pode acceder e sobre os requisitos necesarios para o seu uso.
- B) Dereito á confidencialidade de toda a información relacionada co proceso e estancia en institucións sanitarias públicas e privadas que colaboren co sistema público.
- C) Dereito a utilizar as vías de reclamación e de proposta de suxestións nos prazos previstos.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

**9. Segundo o artigo 4 da Lei galega 3/2001, de 28 de maio, o consentimento informado debe solicitarse:**

- A) Polo persoal da Unidade de Atención ao Paciente do centro sanitario.
- B) Polo persoal do Servizo de Admisión do centro sanitario.
- C) Polo médico designado para a atención do paciente ou polo que practique a súa intervención diagnóstica ou terapéutica.
- D) Polo persoal de enfermaría que interveña na atención do paciente.

**10. Segundo o artigo 68 da Lei 55/2003, de 16 de decembro, a suspensión firme de funcións do persoal estatutario, derivada de sanción disciplinaria, NON pode exceder de:**

- A) 6 anos.
- B) 5 anos.
- C) 1 ano.
- D) 6 meses.

#### Preguntas de reserva

**1. O artigo 38 da Lei de prevención de riscos laborais dispón que se constituirá un Comité de Seguridade e Saúde en todas as empresas ou centros de traballo que contén con:**

- A) 50 ou máis traballadores.
- B) 100 ou máis traballadores.
- C) 200 ou máis traballadores.
- D) 500 ou máis traballadores.

**2. O complemento retributivo que percibe o persoal estatutario correspondente ao nivel do posto que desempeña, denomínase:**

- A) Complemento de nivel.
- B) Complemento específico.
- C) Complemento de destino.
- D) Complemento de posto.